

INFORMACIÓN DE INTERESE

OPE SERGAS

O SERGAS informa das seguintes **recomendacións** de cara aos procesos selectivos que se van celebrar esta fin de semana no Recinto Feiral de Silleda. Esta información tamén foi enviada por correo electrónico a todas as persoas aspirantes.

✓ Deberán asistir ao exame co seu **DNI** ou documento identificativo, bolígrafo negro ou azul de tinta indeleble e o documento co **código QR impreso**, que **deberán conservar ata a finalización da proba**.

✓ Non está permitido o acceso á zona de exame con alimentos, salvo causa médica xustificada, e só, de resultar imprescindible, pode traer un bolso ou mochila pequeno que deberá situar no chan durante a realización do exame. Pode levar unha bebida en botella de plástico transparente.

✓ Non está permitida a entrada con auriculares, aparellos electrónicos, telefonía móbil/dixital ou outros dispositivos electrónicos non autorizados tales como reloxo, lentes intelixentes etc. Pode ser causa de anulación do exercicio a simple posesión deles. Non haberá servizo de recollida destes dispositivos.

✓ O SERGAS disporá dun protocolo de vixilancia e antifraude para garantir a seguridade e igualdade na realización dos exercicios.

✓ No interior do pavillón, despois de efectuado o control de acceso, as persoas aspirantes deberán dirixirse ao posto de exame que se recolle no documento co código QR.

✓ **NOVIDADE:** **habilitouse en FIDES a posibilidade de que as persoas aspirantes acheguen telematicamente as reclamacións contra as preguntas do exame, no prazo de 5 días hábiles desde a publicación da plantilla de respostas.** Os aspirantes deberán acceder á pestana de Procesos-Reclamacións/Alegacións, rexistrar a súa reclamación e asinala electronicamente.

Na páxina web do SERGAS e no seguinte código QR tedes un manual explicativo de como facelo. Tamén será válido rexistrar as reclamacións polos medios habituais.



Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOD

24 de abril do 2026